

BASES ORGANIZACIÓN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN E IGUALDADE “CAMPAMENTOS RURAIS 2025”.

1. Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto regular as actividades de conciliación e igualdade no período vacacional de verán “Campamentos Rurais 2025”, organizadas polo Concello de Santa Comba a través do Centro de Información ás Mulleres (CIM).

2. Destinatarios/as.

Poderán acceder a esta programación as nenas e nenos con idades de 3 a 12 anos.

Prazas limitadas.

Para a adxudicación de prazas terase en conta a orde dos seguintes **criterios de prioridade**:

1. Familias con fillos/as de mulleres vítimas de violencia de xénero.
2. Familias en risco de exclusión social que aporten informe social que indique a necesidade do servizo en base a circunstancias socioeconómicas e familiares.
3. Familias con menores empadroados/as no Concello de Santa Comba, nas que ambos proxenitores traballen ou monoparentais traballadores/as ou se atopen realizando cursos oficiais de formación para o emprego.
4. Unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados (persoas dependentes, ingresos hospitalarios, persoas coidadoras de dependentes, persoas con discapacidade maior do 33%, maiores de 65 anos).
5. Familias numerosas, monoparentais ou acolledoras.
6. Ingresos económicos da unidade familiar (priorizando as rentas máis baixas).
7. Por rigorosa orde de inscrición segundo o número de rexistro.
8. Empadroados noutro municipio.

Os/as pais, nais, titores/as e familias acolledoras, deberán notificar calquera problema de saúde dos/as nenos/as admitidos/as (alerxias e intolerancias a calquera tipo de alimento ou produto) ou necesidade de apoio á autonomía. Non poderán asistir ao servizo por motivos de saúde aquelas crianzas con febre ou enfermidades contaxiosas.

No caso de que queden prazas vacantes durante o desenvolvemento do servizo poderán ser empregadas por menores que non cumplan cos criterios indicados.

3. Lugares e datas.

Cada campamento constará de dez días hábiles consecutivos en horario de 10.00h a 14.00h, de luns a venres, excluíndo días festivos ó longo dos meses de xullo e agosto de 2025 de acordo co establecido a continuación.

O servizo de Campamentos Rurais desenvolverase nas seguintes instalacións e datas, se ben o concello resérvase o dereito de poder modificar o lugar/lugares de desenvolvemento do servizo motivando o referido cambio:

- Local veciñal A Pereira: 1ª quincena de xullo.
- Centro Rural Agrupado A Tarandeira O Busto: 2ª quincena de xullo.
- Centro Rural Agrupado A Tarandeira San Cristovo: 1ª quincena de agosto.
- Local veciñal Vilar de Céltigos: 2ª quincena de agosto.

Os horarios poderán ser modificados en función das necesidades do servizo, así como das do propio concello motivando o referido cambio.

4. Prazas.

O número máximo de prazas ofertadas será de 80 totais (20 prazas por cada ubicación).

5. Prazos e forma de presentación de solicitude.

O prazo para **SOLICITUDE DE INSCRICIÓN** será dende o día 2 de xuño ata o 6 de xuño (ambos incluídos).

As solicitudes faranse a través do Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba:

- **De maneira presencial**, na oficina de rexistro xeral (horario de atención o público 8:00h a 15:00h) presentando o **FORMULARIO** cuberto dispoñible na páxina web municipal www.santacomba.es do Concello de Santa Comba xunto coa documentación obrigatoria establecida nestas bases.
- **De maneira telemática** (imprescindible certificado dixital) a partir das 8:00h do 2 de xuño a través da páxina web municipal www.santacomba.es do Concello de Santa Comba, dende o apartado de SEDE ELECTRÓNICA - SOLICITUDE XERAL, adxuntando o FORMULARIO cuberto e a documentación obrigatoria establecida nestas bases.

Deberá presentar a solicitude un/unha dos pais, nais, titores, acolletores do/a menor, ao seu nome co seu DNI/NIF/NIE e unha dirección de correo electrónica. Na solicitude indicará o nome do/a menor ou menores para o/os ou a/as que desexa solicitar praza con indicación da ubicación e datas que solicita.

Documentación obrigatoria:

- Formulario de solicitude de inscrición debidamente cuberta (Anexo I).
- Copia Documento de Identidade (DNI/NIF/NIE) do pai, nai, titor/a ou acolledor/a que asine a solicitude.
- Copia Libro de Familia ou certificado de nacemento.
- Documentación acreditativa dos criterios para a adxudicación de praza e bonificacións ou exencións no seu caso (informe social, certificado de monoparentalidade, título de familia numerosa, condición de vítimas de violencia de xénero, acolledoras, documentación xustificativa da situación laboral, cargas relacionadas cos coidados, declaración IRPF, certificado de convivencia ou calquera outra documentación que xustifique os criterios establecidos). Se non se presenta a documentación requerida non se terá en conta e non poderá ser emendado cara o criterio de prioridade na admisión e dará lugar á denegación das bonificacións ou exencións no seu caso.

O persoal técnico responsable do servizo, unha vez analizadas e aceptadas as solicitudes contactará coas persoas solicitantes para requerir a documentación complementaria ou adicional que se precise.

A omisión e/ou falsidade dos datos ou dos documentos achegados serán causa de inadmisión/anulación.

6. Adxudicación de prazas e lista de agarda.

- Directa, se a demanda non supera o número de prazas dispoñibles.
- Por orde seguindo os criterios sinalados no punto 2 das presentes bases, e a demanda supere o número de prazas dispoñibles.

Elaborarase unha lista de agarda para poder acceder en caso de haber renuncias ou baixas. O resultado de persoas beneficiarias e a lista de agarda publicarase os días previos ao inicio do servizo.

Estas listas resultantes publicaranse na páxina web www.santacomba.es e nos medios municipais que se consideren oportunos. A lista de persoas beneficiarias estará á disposición das persoas interesadas, tamén, nas oficinas do CIM para a súa consulta.

As solicitudes realizadas fora de prazo, irán para a lista de agarda.

No caso de existir vacantes avisarase telefónicamente ás persoas responsables dos/as menores que figuren en dita lista por rigoroso orde.

7. Prezo do servizo

As persoas beneficiarias do servizo deberán aboar o prezo público establecido na ordenanza reguladora vixente no momento do inicio da prestación do mesmo de acordo coa referida ordenanza. Dita ordenanza recolle así mesmo as exencións e bonificacións aplicables.

8. Causas de baixa, exclusión ou anulación.

A ausencia inxustificada de 3 días dará lugar á exclusión do servizo dando entrada, por orde, ás persoas solicitantes da lista de agarda. Tamén será causa de baixa:

- O incumprimento das presentes bases.
- A solicitude de baixa das nais, pais, titores ou familia acollidora.

- A comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados.
- Cursada de oficio pola Administración, cando non se mantéña o número mínimo de persoas beneficiarias ou por causa maior.

As baixas deberán facerse por escrito no rexistro xeral con 5 días de antelación o inicio do servizo.

O Concello reservase para sí o dereito de admisión e exclusión temporal ou definitiva das persoas beneficiarias que se comporten de forma inadecuada ou que os seus pais, nais, titores ou familia acollidora non respecten as normas establecidas para o desenvolvemento do servizo. Antes de tomar unha decisión desta índole, daráselle audiencia aos pais, nais, titores ou familia acollidora.

9. Información adicional.

A Alcaldía poderá ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a adecuada aplicación, interpretación e desenvolvemento destas normas.

10. Información sobre Protección de Datos de Carácter Persoal.

En cumprimento do disposto no Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase de que os datos de carácter persoal serán tratados por parte do responsable do tratamento, o Concello de Santa Comba, coa finalidade de prestarlle o servizo “Campamentos Rurais 2025”. A lexitimación do tratamento basearase nos artigos do RXPd: 6.1.a) Consentimento da interesada, 6.1.e) o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, 6.1.c) o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. Os datos serán cedidos á empresa contratada ao efecto para a prestación do servizo solicitado. A autorizante pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), oposición, limitación e non ser obxecto de decisións automatizadas, previstos na normativa reguladora, dirixindo a súa petición a dpd@santacomba.es, no Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba ou por carta dirixida a Pza. do Concello, 1 - 15841 - Santa Comba (A Coruña).

Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na nosa páxina web <https://www.santacomba.es/politica-de-privacidad-concello-de-santa-comba>.

En Santa Comba á data da sinatura dixital.

O alcalde

Alberto Romar Landeira

ANEXO I

FORMULARIO SOLICITUDE INSCRICIÓN CAMPAMENTOS RURAIS 2025

DATOS DA PERSOA RESPONSABLE LEGAL DO/A MENOR:

Pai/nai/titor-a: _____

DNI: _____ Tlfno.: _____

Correo electrónico: _____

Enderezo: _____ Concello: _____

CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES, marque o que corresponda (a efectos de criterios de adjudicación de praza e das bonificacións ou exencións do prezo no seu caso).Nº de nenos/as solicitantes do servizo: 1 2 3Traballan o pai e a nai ou os/as titores legais: SiFamilia vítima de violencia de xénero: SiFamilia en risco de exclusión social: SiFamilia numerosa: SiFamilia acolledora: SiFamilia monoparental (con certificado): SiFamilia con cargas relacionadas cos coidados (dependencia, discapacidade, maiores): Si

Outras circunstancias: _____

Desexa utilizar igualmente o servizo en caso de denegación da bonificación ou exención: Si**DATOS DO/A MENOR OU MENORES PARA O/A OU OS/AS QUE SE SOLICITA O SERVIZO:**

1.- Nome e apelidos do/a menor: _____ Data nacemento: _____

Escolarizado/a: SiEmpadroador/a en Santa Comba: Si

Unha vez enterado/a das bases e criterios de adjudicación de praza SOLICITA a inscrición nos Campamentos Rurais 2025 do Concello de Santa Comba na seguinte ubicación e datas.

 Local veciñal A Pereira: 1ª quincena de xullo. Centro Rural Agrupado A Tarandeira O Busto: 2ª quincena de xullo. Centro Rural Agrupado A Tarandeira San Cristovo: 1ª quincena de agosto. Local veciñal Vilar de Céltigos: 2ª quincena de agosto.

CONSENTIMENTOS

- SI Autorizo a publicación do nome e apelidos do/a participante a efectos informativos.
- SI Autorizo ao Concello de Santa Comba a facer as oportunas comprobacións do cumprimento dos requisitos para o acceso ao servicio.
- SI Autorizo ó Concello de Santa Comba a fotografar ou filmar ó meu fillo/a durante o desenvolvemento do servicio, co obxecto de incorporar as devanditas imaxes na memoria das actividades de 2025, a publicación destas na web do Concello e medios de comunicación ó abeiro da L.O.1/1982, de 5 de maio, sobre protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe respectando os dereitos recollidos na L.O.3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e na L.O.1/1996 de 15 de xaneiro de Protección Xurídica do Menor.
- SI Estou de acordo coa política de privacidade

DECLARACIÓNS:

1. Que todos os datos contidos neste formulario e documentación achegada son certos.
2. Que coñezo e acepto as bases reguladoras do servicio “Campamentos Rurais 2025” do Concello de Santa Comba.

En Santa Comba a ____ de _____ de 2025

Asdo.: